



A FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA PON EN MARCHA O PROGRAMA “COMPARTIR CAZA”

Mércores, 17 de outubro de 2007

A Federación Galega de Caza pon en marcha neste mes de outubro o programa “Compartir Caza”. Esta iniciativa, que conta coa colaboración da Consellería de Medio Ambiente, trata de contribuír a pór en valor a actividade cinexética en Galicia e conta cun claro sentido de solidariedade entre afeccionados.

Entre os obxectivos do programa está o de permitir que as sociedades, que xestionen os TECORES, faciliten a caza dentro do seu couto a membros do colectivo aínda que estes non dispoñan do “carné de socios”. O programa tamén abre a posibilidade da práctica cinexética a cazadores doutros lugares que desexen coñecer outras zonas para a actividade ou achegarse a novas especies diferentes ás da súa zona, como é no caso do axexo do corzo.

Outra das alternativas que ofrece esta iniciativa é a de dar saída á afección de cazadores da cidade, que non posúen vencillos rurais e que teñen máis difícil a práctica deportiva. O programa posibilita tamén o desenvolvemento de actividades relacionadas coa actividade turística, prevéndose que visitantes de fóra poidan cazar en Galicia coma unha opción máis.



Con esta iniciativa, a Federación Galega de Caza ademais de axudar ás sociedades divulgando a súa oferta cinexética, está a cubrir unha vella demanda do colectivo de cazadores, ofertándolle así novos terreos e especies para cazar, sen perde-la verdadeira esencia da caza social en Galicia, e mesmo achegando ás zonas rurais, normalmente as máis desfavorecidas, unha nova fonte de recursos económicos.

Dende a Consellería de Medio Ambiente estase a elaborar un mapa dos terreos cinexéticos de Galicia, tanto dos tecores coma dos terreos libres. Este mapa, que pretende ser un punto de referencia para o sector en Galicia, recollerá tamén as especies que se poden cazar en cada terreo.

Sobre o programa “Compartir caza” poderá obterse máis información na páxina web da Federación Galega de Caza (www.federaciongalegadedecaza.com).

**Gabinete de comunicación.
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA**